

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

[abandona a sesión sendo as 13h26min., no punto da orde do día de Rogos e Preguntas]

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[abandona a sesión sendo as 13h52min no punto da orde do día de Rogos e Preguntas]

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventor

D. José Luis Sande Vázquez.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e once minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e o Interventor-Accidental Municipais.

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:



- SESIÓN ORDINARIA DE 25/05/2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente 2017/G006/000136)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.05.2017.

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- ordinaria de 25.05.2017.

*Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

PRIMEIRO. *Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:*

- ordinaria de 25.05.2017.

SEGUNDO.- *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto do borrador da acta anterior.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), para anunciar o voto en contra do seu grupo xa que considera que non se está a cumprir o que establece o Regulamento de Organización do Concello aprobado polo Pleno celebrado en sesión ordinaria no mes de novembro a respecto das intervencións e das quendas de réplica dos distintos Grupos Municipais e que no borrador da acta que se somete a aprobación, non se recolle ningunha das réplicas realizadas dende o seu grupo e sí as do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas (BNG-AA), motivo polo que votarán en contra da proposta.

Dende a Presidencia defendese o contido do borrador da acta xa que no mandato anterior, as replicas recollíanse como “cruce de intervencións” e di que lle chama a atención que facendo esta crítica ao contido das actas, non estean dacordo co investimento solicitado á Xunta para a implantación do sistema de videoacta.

Toma a palabra a portavoz do BNG-AA para defender o actual desenvolvemento das sesións e cualifica como “curiosa” a situación que se está a dar.

De seguido, intervén o portavoz do Grupo Municipal do Partido Socialista (PsdG-PSOE) que defende tamén o desenvolvemento das sesións, indicando que de ser o caso, dende o seu Grupo, non terían inconvincente a acollerse ao establecido no Regulamento.

D. Francisco Javier Crespo Romeo pecha o debate, quen considera que dende os distintos grupos se está a interpretar “o que lles da a gana” e que o que está a dicir é que o borrador da acta non recolle a súa réplica dun minuto, de dereito.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións, sométese o borrador da acta a votación resultando adoptado **por 8 votos a favor de:** D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado e Dna. Ana Veira García; **1 abstención** de D. Jorge Serafín Allegue Freire, por se ter ausentado durante a quenda de debate e non estar presente no momento da votación; e **4 votos en contra** de D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 25.05.2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: Ordinaria de data venres 23 de xuño de 2017

EXPDTE: 2017/G012/000010

Sesión nº: 14/2015-2019

2.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

Expediente: 2017/G006/000131 - RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Logo de ver a Providencia da Alcaldía do 19 de xuño relativa ao expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos, incoando expediente para aprobación de facturas por importe total de 52.347,34 euros, correspondentes a facturas por traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2016, pero achegadas ao rexistro de facturas da Intervención municipal no 2016 ou no 2017, e para as que non existía crédito adecuado e suficiente no exercicio 2016 para a súa tramitación

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 52/2017, de asunto: “Fiscalización de facturas a tramitar polo procedemento de Recoñecemento extrajudicial de créditos” asinado dixitalmente o 19 de xuño de 2017, que se xunta ao expediente.

Logo de ver que no dito informe de Intervención se sinala o incumprimento dos límites do contrato menor, sendo que na medida do posible se incoarán os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación, se ben debe terse en conta a sobrecarga dos servizos.



Neste punto debe sinalarse que de cara a mellorar a xestión dos ditos contratos xa no pasado exercicio 2016 se licitaron tres importantes contratacións como foron a prestación de servizos das escolas deportivas, monitoraxe de talleres culturais e o servizo de axuda a domicilio, sendo obxectivo deste equipo de goberno continuar licitando aqueles servizos que incumpren os límites do contrato menor atendendo á súa importancia e contía pero sempre tendo en conta a sinalada sobrecarga dos servizos

Para ir acadando o dito obxectivo tamén se prevé realizar contratacións de persoal na medida en que as limitacións das Leis de orzamentos do Estado o permitan, así:

Para paliar a insuficiencia de medios persoais e materiais, ademais da renovación de varios dos equipos informáticos de traballo do persoal municipal tamén se está a tramitar a contratación dunha empresa para elaborar unha nova Relación de postos de traballo que prevea unha organización municipal máis acorde coa realidade actual e dotación de medios persoais aos distintos departamentos, algúns dos cales deberán reforzarse para poder acometer todo o traballo encomendado.

Dunha forma máis inmediata, e vistas as carencias detectadas na área económico-financeira, concretamente polo que se refire á tesourería, se está tramitando tamén a convocatoria dunha praza de funcionario interino por proxectos

Igualmente de cara a axilizar e mellorar a xestión municipal cos provedores e a tramitación das facturas aprobouse na sesión plenaria do 27/04/2017 a modificación das bases de execución do orzamento, publicada a súa aprobación definitiva no BOP número 101, de 31 de maio de 2017

Tamén se están adoptando medidas tendentes á mellora das instalacións municipais como centro de traballo e a dar cumprimento á Lei 39/2015 en relación coa administración electrónica,

Isto é, se está levando a cabo unha labor de revisión e mellora da xestión municipal tendente a acadar o estricto cumprimento da normativa polo que se refire á tramitación das facturas e á prelación de pagamentos, así como ao cumprimento dos prazos de pagamento delas.

Esta Alcaldía-Presidencia somete a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda a seguinte **PROPOSTA de ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe de 52.347,34 euros:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2016/2967	29/12/2016	240	29/12/2016	600,04 €	76416419T	MIÑO SANDE JUAN CARLOS	FRA. 240, 29/12/16, 6 PARES DE ZAPATOS UNIFORME POLICÍA LOCAL	132	22104
F/2017/69	19/01/2017	1701 0020	31/12/2016	341,32 €	B15412307	COMBUSTIBLE S RIO EUME,S.L	FRA. 1701 0020, 31/12/16, SUMINISTRO CARBURANTE VEH. POLICÍA LOCAL, 5741GNN, 9903GNT	132	22103
F/2017/122	27/01/2017	Emit- 73	27/01/2017	471,90 €	B15621394	LA ROSALEDA DE LA CORUÑA	FRA. EMIT-73, 27/01/17, RETIRADA CAN, CAMPOLONGO, 104 E DEPENDENCIAS	132	22699

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							POLICAIS		
F/2017/284	01/02/2017	PL-17-0002	23/01/2017	3.592,35 €	B82773615	SOIL RECOVERY S.L.	FRA. Nº PL-17-0002, 23/01/2017, XESTIÓN DE RESIDUOS MS DE DECEMBRO 2016	1622	22721
F/2017/666	15/02/2017	AA17 000019	31/01/2017	2.783,00 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. NÚM. AA17 000019, 31/01/17, REP ALUMBRADO PÚBLICO 21/09-30/09/16	165	22710
F/2017/667	15/02/2017	AA17 000020	31/01/2017	2.662,73 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. Nº AA17 000020, 31/01/17, REP. ALUMBRADO PÚBLICO 01/10-15/10/16	165	22710
F/2017/678	23/02/2017	FE1632120 0974592	21/04/2016	1.020,53 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE163212000974592, 21/04/16, SUMINISTRO ENERXIA ELECTRICA EN VIDREIRO	165	22100
F/2017/691	03/03/2017	AA17 000036	28/02/2017	2.904,00 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. Nº AA17 000036, 28/02/17, REPARACIONS ALUMEADO PUBLICO OUTUBRO 2016	165	22710
F/2017/692	03/03/2017	AA17 000037	28/02/2017	2.843,50 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. Nº AA17 000037, 28/02/17, REPARACIONS ALUMEADO PUBLICO, 16/10/16-31/10/16	165	22710
F/2017/815	06/03/2017	FE1732122 4627749	06/02/2017	1.156,80 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. FE17321224627749, 06/03/17, SUMINISTRO ENERXÍA ELECTRICA, MARINA 9001, (21/12/16-25/01/17)	341	22100
F/2017/826	07/03/2017	FE1732122 6040738	21/02/2017	233,41 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. FE17321226040738, 21/02/17, SUMINISTRO ENERXÍA ELECTRICA, AS PEDRIDAS 9701, AL-PU 15614 (02/12/16-01/02/17)	165	22100
F/2017/834	08/03/2017	FE1732122 4627751	06/02/2017	671,09 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321224627751, 06/02/17, CONSUMO ELECTRICO AVDA.	241	22100



							RICARDO SANCHEZ 4 (21/12/16-25/01/17)		
F/2017/835	08/03/2017	FE1732122 4627746	06/02/2017	1.082,09 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321224627746, 06/02/17, CONSUMO ELÉCTRICO CUARTEL GUARDIA CIVIL 2 AP (22/12/16- 25/01/17)	165	22100
F/2017/836	08/03/2017	FE1732122 4627748	06/02/2017	283,55 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321224627748, 06/02/17, E/E MARINA 9000 OBRA 15600, (21/12/16-25/01/17)	334	22100
F/2017/837	08/03/2017	FE1732122 6040730	21/02/2017	705,68 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE173212246040730, 21/02/17, E/E ALUMBRADO PUBLICO RICARDO SANCHEZ 2 (29/11/26/01/17)	165	22100
F/2017/838	08/03/2017	FE1732122 6040737	21/02/2017	714,66 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040737, 21/02/17, E/E A GANDARA 9003 TD 15608A, (01/12/16- 31/01/17)	341	22100
F/2017/840	08/03/2017	FE1732122 6040768	21/02/2017	131,71 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040768, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO CABRIA NOVA (02/12/16-01/02/17)	165	22100
F/2017/841	08/03/2017	FE1732122 6040772	21/02/2017	514,12 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040772, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO SAN MIGUEL DE BREAMO (01/12/16- 31/01/17)	165	22100
F/2017/842	08/03/2017	FE1732122 6040774	21/02/2017	110,69 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040774, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO CASTELO (30/11/16- 29/01/17)	165	22100
F/2017/844	08/03/2017	FE1732122 6040731	21/02/2017	2.686,33 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040731, 21/02/17, E/E ALUMEAD PUBLICO RICARDO SANCHEZ 25 (22/11/16-22/01/17)	165	22100
F/2017/848	08/03/2017	FE1732122 6040736	21/02/2017	921,71 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040736, 21/02/17, E/E ALUMEAD PUBLICO	165	22100

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							EN ESTEIRO (01/12/16-31/01/17)		
F/2017/850	08/03/2017	FE1732122 6040734	21/02/2017	336,62 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040734, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO EN CAMPOLONGO 9715, (02/12/16- 30/01/17)	165	22100
F/2017/851	08/03/2017	FE1732122 6040773	21/02/2017	1.202,45 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040773, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO EN VIDREIRO (02/12/16-30/01/17)	165	22100
F/2017/856	08/03/2017	FE1732122 6040739	21/02/2017	302,86 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040739, 21/02/17, SUMINISTRO E/E VIZUS 9203, 15607 VIZUS (02/12/16- 01/02/17)	161	22100
F/2017/857	08/03/2017	FE1732122 6040733	21/02/2017	532,82 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040733, 21/02/17, SUMINISTRO E/E ALUMEADO PUBLICO TORREON (28/11/16- 26/01/17)	165	22100
F/2017/858	08/03/2017	FE1732122 6410099	22/02/2017	1.012,70 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226410099, 22/02/17, SUMINISTRO E/E VIZUS, BOM 15607 (02/12/16-01/02/17)	161	22100
F/2017/859	09/03/2017	FE1732122 6411353	22/02/2017	2.813,23 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226411353, 22/02/17, SUMINISTRO E/E ALUMEADO PUBLICO EN AVDA CORUÑA 9201 (24/11/16- 26/01/17)	165	22100
F/2017/990	16/03/2017	M 2016/0000 141	01/12/2016	345,00 €	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA,S	FRA M 2016/0000141, 01/12/16, SUSCRIPCION 2016 OPINION FOREMDES	241	22001
F/2017/1021	06/03/2017	627	30/12/2016	1.795,25 €	S1500072 B	CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E	LIQ 627, 30/12/16, APORTACION ECONOMICA XANTAR	231	46700



						BENESTAR	NA CASA, 10/11/12 DO 2016		
F/2017/1054	24/03/2017	01 10	13/01/2017	1.676,34 €	B15724719	SENES CIT, S.L.	FRA. 01 10, 13/01/17, SERV. AXUDA NO FOGAR SAF, DECEMBRO 2016	231	22799
F/2017/1090	05/04/2017	AA17 000081	31/03/2017	2.879,80 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. AA17 000081, 31/03/17, REPARACIONES EN EL ALUMBRADO PUBLICO CONCELLO DE PONTEDEUME 1/11/ AL 15/11	165	22710
F/2017/1091	05/04/2017	AA17 000082	31/03/2017	2.722,50 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. AA17 000082, 31/03/17, REPARACIONES EN EL ALUMBRADO PUBLICO CONCELLO DE PONTEDEUME 16/11/ AL 30/11	165	22710
F/2017/1350	06/05/2017	Emit- 11	30/12/2016	253,56 €	J70264841	ANTONIO BOUZA PEREZ Y OTROS S.C.	FRA. EMIT-11, 30/12/16, DIVERSO MATERIAL FERRETERIA DIVERSOS DEPARTAMENTOS		
F/2017/1455	09/05/2017	AA17 000118	29/04/2017	2.795,10 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. AA17 000118, 29/04/17, REPARACIONES ALUMBRADO PUBLICO DECEMBRO 2016	165	22710
F/2017/1456	09/05/2017	AA17 000119	29/04/2017	2.686,20 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	FRA. AA17 000119, 29/04/17, REPARACIONES ALUMBRADO PUBLICO NOVIEMBRE 16	165	22710
F/2017/1462	14/03/2017	25721326	05/02/2013	2.141,70 €	G28029643	SOC.XERAL AUTORES E EDITO	FRA. 25721326, 05/02/17, ACTO CELEBRADO 09/09/2012, LUAR NA LUBRE	334	22699
F/2017/1478	16/05/2017	V6 143	31/07/2016	2.420,00 €	B15734478	VAZQUEZ GARZON, S.L.	FRA. V6 143, 31/07/17, LIMPIEZA VIARIA XULLO 2016	1621	22700

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente en Pontedeume, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por 4 votos a favor dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Simoes Couceiro, Dna. Marta Pico Machado e Dna. Silvia Fornos Permy, e 2 abstencións do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do PP: D. Andrés Pérez Pérez, Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do PP comeza a súa intervención facendo referencia ao número de expedientes deste tipo que se veñen traendo ao Pleno durante os meses que van de ano e que, segundo considera, á vista dos informes, este non vai ser o último. Di que na súa crítica, está a utilizar as mesmas palabras que as do Sr. Alcalde cando estaba na oposición, se ben fai a diferenza que daquela, non había orzamento aprobado e agora sí, cualificando de “ridículo” este último e que se trata dun “copia e pega” do anterior e de que existe, neste sentido, un alto “caos” na xestión. Remítese aos informes da Intervención Municipal á hora de defender o contido da súa intervención, e pon como exemplo os contratos menores de servizos que non están en vigor logo de dous anos do actual grupo de goberno, polo que considera xa non se pode culpar ao goberno anterior, facendo referencia tamén ao volume dos reparos por ano, que cuantifica en 400. Recorda que D. Bernardo Fernández Piñeiro levou este asunto á fiscalía, onde se recoñeceu que non había persoal suficiente, e que esta situación cambiou. Di que a Intervención non sabe o diñeiro que ten o concello, considerando que non existe unha fiscalidade axeitada e que non se fan os procedementos para os gastos (facturas sen propostas de gasto, subvencions...), argumento que sustenta nos informes. Conclúe cualificando a situación como “caótica”.

[Reincorpórase á sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 12:24]

Toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA. Dna. Ana Veira García, que anuncia a abstención do seu grupo, fundamentándoa na posibilidade de mellora na xestión do goberno. Dito isto, defende a existencia dun orzamento anual fronte a un orzamento prorrogado. Recorda a proposta que se fixo dende o seu grupo nun Pleno anterior ao respecto de informar ás distintas empresas dos prazos á hora de entregar as facturas para que non deriven nun expediente deste tipo, facilitando así o traballo do departamento económico e que se axustara aos tempos.

Intervén o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa o explicou moitas veces e indica que as facturas que integran un recoñecemento extraxudicial son as que “non chegaron a tempo” e que, neste caso, salvo unha son todas facturas do ano 2017 por conceptos do ano de 2016, sendo este o único mecanismo existente para poder proceder ao seu pagamento.

Considera que do Informe da intervención en ningún momento se desprende que exista unha situación caótica e da conta dunha serie de servizos que se veñen prestando sen procedemento de licitación dende o mandatos anteriores, nos que gobernaba o PP. Defende a xestión dos dous anos do actual goberno e considera que o PP non foi quen de facer un orzamento en oito, cualificando o que había de “inflado” en tres millóns de euros, fronte ao actual, adaptado á realidade. Di que a situación estará regularizada a final de mandato, que será cando se faga o balance e se fará unha comparación.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo que, pedindo que conste en acta, di que o Sr. Alcalde minte para de seguido, defender o contido da súa intervención, a que di que se apoia en documentación. Fai referencia á contratación dun barrendeiro e á recollida de lixo por parte da empresa Vázquez Garzón, que se reflexa no presente expediente, que presta o servizo e cuxa contratación se xustificou coa época estival e que foi realizada polo goberno actual, ao tempo que asume contratacións anteriores, e que pide ao Alcalde “que non diga unha cousa pola outra”. Considera que a situación do Concello variou, en referencia a que se



ten contratado persoal administrativo e que polo tanto, o goberno ten un problema e pide que o corrixa.

De seguido, intervén a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA. Dna. Ana Veira García quen insiste en que as cousas se poden facer doutro xeito, en referencia a que se ben hai que regularizar os servizos, non comparten a forma xa que dende o seu grupo se aposta pola remunicipalización, o que considera son distintas formas de ver a política municipal.

Intervén D. Bernardo Fernández Piñeiro para indicar que a contratación de Vázquez Garzón se corresponde co barrendeiro e non coa recollida, pechando o debate defendendo a xestión dos dous anos do actual goberno fronte aos oito do anterior.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **7 votos a favor** dos/as integrantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado, **4 votos en contra**, dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, e **2 abstencións** do concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe de 52.347,34 euros:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2016/2967	29/12/2016	240	29/12/2016	600,04 €	76416419T	MIÑO SANDE JUAN CARLOS	FRA. 240, 29/12/16, 6 PARES DE ZAPATOS UNIFORME POLICÍA LOCAL	132	22104
F/2017/69	19/01/2017	1701 0020	31/12/2016	341,32 €	B15412307	COMBUSTIBLE S RIO EUME,S.L	FRA. 1701 0020, 31/12/16, SUMINISTRO CARBURANTE VEH. POLICÍA LOCAL, 5741GNN, 9903GNT	132	22103
F/2017/122	27/01/2017	Emit- 73	27/01/2017	471,90 €	B15621394	LA ROSALEDA DE LA CORUÑA	FRA. EMIT-73, 27/01/17, RETIRADA CAN, CAMPOLONGO, 104 E DEPENDENCIAS POLICAIS	132	22699
F/2017/284	01/02/2017	PL-17- 0002	23/01/2017	3.592,35 €	B82773615	SOIL RECOVERY S.L.	FRA. Nº PL-17-0002, 23/01/2017, XESTIÓN DE RESIDUOS MS DE DECEMBRO 2016	1622	22721
F/2017/666	15/02/2017	AA17 000019	31/01/2017	2.783,00 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUY, S.L.	FRA. NÚM. AA17 000019, 31/01/17, REP ALUMBRADO PÚBLICO 21/09-30/09/16	165	22710
F/2017/667	15/02/2017	AA17 000020	31/01/2017	2.662,73 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUY, S.L.	FRA. Nº AA17 000020, 31/01/17, REP. ALUMBRADO PÚBLICO 01/10-15/10/16	165	22710
F/2017/678	23/02/2017	FE1632120 0974592	21/04/2016	1.020,53 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS	FRA. Nº FE163212000974592,	165	22100

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

						SDG, S.A.	21/04/16,SUMINISTRO ENERXIA ELECTRICA EN VIDREIRO		
F/2017/691	03/03/2017	AA17 000036	28/02/2017	2.904,00 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUY, S.L.	FRA. Nº AA17 000036, 28/02/17, REPARACIONES ALUMEADO PUBLICO OUTUBRO 2016	165	22710
F/2017/692	03/03/2017	AA17 000037	28/02/2017	2.843,50 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUY, S.L.	FRA. Nº AA17 000037, 28/02/17, REPARACIONES ALUMEADO PUBLICO, 16/10/16-31/10/16	165	22710
F/2017/815	06/03/2017	FE1732122 4627749	06/02/2017	1.156,80 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. FE17321224627749, 06/03/17, SUMINISTRO ENERXÍA ELECTRICA, MARINA 9001, (21/12/16-25/01/17)	341	22100
F/2017/826	07/03/2017	FE1732122 6040738	21/02/2017	233,41 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. FE17321226040738, 21/02/17, SUMINISTRO ENERXÍA ELECTRICA, AS PEDRIDAS 9701, AL-PU 15614 (02/12/16-01/02/17)	165	22100
F/2017/834	08/03/2017	FE1732122 4627751	06/02/2017	671,09 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321224627751, 06/02/17, CONSUMO ELECTRICO AVDA. RICARDO SANCHEZ 4 (21/12/16-25/01/17)	241	22100
F/2017/835	08/03/2017	FE1732122 4627746	06/02/2017	1.082,09 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321224627746, 06/02/17, CONSUMO ELÉCTRICO CUARTEL GUARDIA CIVIL 2 AP (22/12/16-25/01/17)	165	22100
F/2017/836	08/03/2017	FE1732122 4627748	06/02/2017	283,55 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321224627748, 06/02/17, E/E MARINA 9000 OBRA 15600, (21/12/16-25/01/17)	334	22100
F/2017/837	08/03/2017	FE1732122 6040730	21/02/2017	705,68 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE173212246040730, 21/02/17, E/E ALUMBRADO PUBLICO RICARDO SANCHEZ 2 (29/11/26//01/17)	165	22100



F/2017/838	08/03/2017	FE1732122 6040737	21/02/2017	714,66 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040737, 21/02/17, E/E A GANDARA 9003 TD 15608A, (01/12/16- 31/01/17)	341	22100
F/2017/840	08/03/2017	FE1732122 6040768	21/02/2017	131,71 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040768, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO CABRIA NOVA (02/12/16-01/02/17)	165	22100
F/2017/841	08/03/2017	FE1732122 6040772	21/02/2017	514,12 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040772, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO SAN MIGUEL DE BREAMO (01/12/16- 31/01/17)	165	22100
F/2017/842	08/03/2017	FE1732122 6040774	21/02/2017	110,69 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040774, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO CASTELO (30/11/16- 29/01/17)	165	22100
F/2017/844	08/03/2017	FE1732122 6040731	21/02/2017	2.686,33 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040731, 21/02/17, E/E ALUMEAD PUBLICO RICARDO SANCHEZ 25 (22/11/16-22/01/17)	165	22100
F/2017/848	08/03/2017	FE1732122 6040736	21/02/2017	921,71 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040736, 21/02/17, E/E ALUMEAD PUBLICO EN ESTEIRO (01/12/16- 31/01/17)	165	22100
F/2017/850	08/03/2017	FE1732122 6040734	21/02/2017	336,62 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040734, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO EN CAMPOLONGO 9715, (02/12/16- 30/01/17)	165	22100
F/2017/851	08/03/2017	FE1732122 6040773	21/02/2017	1.202,45 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040773, 21/02/17, E/E ALUMEADO PUBLICO EN VIDREIRO (02/12/16-30/01/17)	165	22100
F/2017/856	08/03/2017	FE1732122 6040739	21/02/2017	302,86 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040739, 21/02/17, SUMINISTRO E/E VIZUS 9203, 15607 VIZUS (02/12/16- 01/02/17)	161	22100

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

F/2017/857	08/03/2017	FE1732122 6040733	21/02/2017	532,82 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226040733, 21/02/17, SUMINISTRO E/E ALUMEADO PUBLICO TORREON (28/11/16-26/01/17)	165	22100
F/2017/858	08/03/2017	FE1732122 6410099	22/02/2017	1.012,70 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226410099, 22/02/17, SUMINISTRO E/E VIZUS, BOM 15607 (02/12/16-01/02/17)	161	22100
F/2017/859	09/03/2017	FE1732122 6411353	22/02/2017	2.813,23 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA. Nº FE17321226411353, 22/02/17, SUMINISTRO E/E ALUMEADO PUBLICO EN AVDA CORUÑA 9201 (24/11/16-26/01/17)	165	22100
F/2017/990	16/03/2017	M 2016/00001 41	01/12/2016	345,00 €	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA,S	FRA M 2016/0000141, 01/12/16, SUSCRIPCION 2016 OPINION FOREMDES	241	22001
F/2017/1021	06/03/2017	627	30/12/2016	1.795,25 €	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	LIQ 627, 30/12/16, APORTACION ECONOMICA XANTAR NA CASA, 10/11/12 DO 2016	231	46700
F/2017/1054	24/03/2017	01 10	13/01/2017	1.676,34 €	B15724719	SENES CIT, S.L.	FRA. 01 10, 13/01/17, SERV. AXUDA NO FOGAR SAF, DECEMBRO 2016	231	22799
F/2017/1090	05/04/2017	AA17 000081	31/03/2017	2.879,80 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUY, S.L.	FRA. AA17 000081, 31/03/17, REPARACIONES EN EL ALUMBRADO PUBLICO CONCELLO DE PONTEDEUME 1/11/ AL 15/11	165	22710
F/2017/1091	05/04/2017	AA17 000082	31/03/2017	2.722,50 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUY, S.L.	FRA. AA17 000082, 31/03/17, REPARACIONES EN EL ALUMBRADO PUBLICO CONCELLO DE PONTEDEUME 16/11/ AL 30/11	165	22710
F/2017/1350	06/05/2017	Emit- 11	30/12/2016	253,56 €	J70264841	ANTONIO BOUZA PEREZ Y OTROS S.C.	FRA. EMIT-11, 30/12/16, DIVERSO MATERIAL FERRETERIA DIVERSOS		



							DEPARTAMENTOS		
F/2017/1455	09/05/2017	AA17 000118	29/04/2017	2.795,10 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUJ, S.L.	FRA. AA17 000118, 29/04/17,REPARACION S ALUMEADO PUBLICO DECEMBRO 2016	165	22710
F/2017/1456	09/05/2017	AA17 000119	29/04/2017	2.686,20 €	B15677024	ELECTRICIDA D PERMUJ, S.L.	FRA. AA17 000119, 29/04/17,REPARACION S ALUMEADO PUBLICO NOVIEMBRO 16	165	22710
F/2017/1462	14/03/2017	25721326	05/02/2013	2.141,70 €	G28029643	SOC.XERAL AUTORES E EDITO	FRA. 25721326, 05/02/17, ACTO CELEBRADO 09/09/2012, LUAR NA LUBRE	334	22699
F/2017/1478	16/05/2017	V6 143	31/07/2016	2.420,00 €	B15734478	VAZQUEZ GARZON, S.L.	FRA. V6 143, 31/07/17, LIMPIEZA VIARIA XULLO 2016	1621	22700

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

3.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS (BNG-AA) SOBRE O PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS.

A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA da lectura ao texto da moción, que se transcribe a continuación:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado “Plan marco de mellora dos camiños rurais” para o período 2017-2018.

Segundo a información trasladada á FEGAMP desde a propia Consellaría, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de 15.998.673 euros para dito período de dous anos, a distribuír entre os concellos do país.

A dotación consignada supón unha redución importante na dotación de recursos para levar adiante, en colaboración cos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza.

Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan marco de mellora de camiños rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 19.998.100 de euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en máis dun 60 por 100. A Consellaría do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante de 2016, ao pasar agora a 10 euros por habitante para o período bianual, isto é, 5 euros por habitante e ano.

Esta redución deixa ás claras que o medio rural, os investimentos para a súa mellora e desenvolvemento non son a prioridade do Goberno do Partido Popular en Galiza, pois relega investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural, que potencian directamente a base produtiva do agro galego. Dese xeito, con esta política de diminución dos fondos achegados aos concellos para a investimentos no rural, o Partido Popular rexeita manter o necesario esforzo na dotación de fondos públicos para dignificar e mellorar a calidade de vida das persoas que viven no medio rural no noso país e que ademais contribúen a corrixir os desequilibrios territoriais e a fixar poboación no rural.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galiza amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijoo aceptou un notábel recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galiza, que conta cunha dotación económica un 20 por 100 inferior ao orzamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013.

As comunicacións realizadas aos concellos coa asignación concreta desvendan a propaganda do Goberno galego, pois a dotación para cada ente local reflicte unha mingua de fondos que en moitos casos terán que presentar proxectos despezados, obras menores, investimentos aillados que non responden a unha estratexia para desenvolver o medio rural galego no camiño de contribuír a frear a actual tendencia.

Por todo iso, o Grupo do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate polo Pleno da Corporación:

ACORDOS

1º. Instar ao Goberno Galego a:

- **Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.**
- **Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.**

2º. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.”

Concluída a lectura, a Sra. Veira García defende este tipo de investimentos considerando que se deben de relizar en base a organigramas e que non se vexan recortados constantemente. Fai alusión á problemática do transporte público e á forma de actuar da Xunta, que cualifica de “unilateral”. Pide unha reflexión ao respecto e o apoio á moción por parte dos distintos grupos.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo, quen defende a actuación da Xunta, considerando unha necesidade de primeiro nivel as infraestruturas no rural galego na mellora da calidade de vida das persoas, posibilitando a socialización e o desfrute de servizos por aquelas, así como para a mellora da competitividade das explotacións agrogandeiras. Di que non se pode poñer en dúbida a aporta do goberno galego pro mellorar os camiños xa que estamos ante o 4º Plan neste eido, que ata o 2016 supuxeron un investimento de 59,4 millóns de euros e que para o 2017, decidiuse centrar o esforzo inversor no FEADER ao tempo que se mantén este Plan con recursos propios, incrementándose o cofinanciamento do Plan marco para o que no 2016 se aportaron 3,5 millóns de euros de fondos propios, fronte aos 8 millóns no 2017 e outros oito no 2018, íntegramente financiado con fondos propios nestas dúas anualidades. Indica que todos os plans de mellora de camiños, salvo no 2016, fixéronse de xeito bianual, facilitando a tramitación dos procedementos (contratación, xestión de autorizacións...) e con tempo suficiente. Conclúe a súa intervención indicando que dende a Xunta se quere facilitar a xestión aos Concellos que considera, mellorará, e que polo tanto, en base ao anterior, o voto do seu grupo será en contra.

De seguido intervén o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro considera que a pregunta que hai que plantexar é se se se reciben máis ou menos cartos e que a intervención do Sr. Crespo non ten que ver co fondo da moción. Indica que segundo os datos, ao Concello de



Pontedeume corresponderíanlle 40 mil euros para dous anos, cando antes tiña 50 mil ao ano. Sobre a intervención do portavoz do PP e a posibilidade de pedir un adianto, di que aínda se está a agardar polos cartos do mercado, fai referencia a que no “Agader” non se permite aportación municipal o que deriva en que, se o Concello quixera facer unha actuación de maior embergadura non se auroza, que os prazos que se establecen non teñen sentido... polo que pon en cuestión a intención da Xunta ou o coñecemento do funcionamento dun Concello por parte daquela.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García. A portavoz do BNG-AA di que non hai dúbida en que se baixa a dotación orzamentaria e considera que hai mala intención por parte do goberno do Partido Popular na Xunta, xa que di que Galiza non lles interesa. Sobre o voto en contra do Grupo Municipal do PP, cre que a esta débeo saber, xa que o considera unha falla de preocupación.

De seguido intervén D. Francisco Javier Crespo Romeo que considera que non debe ser o seu grupo o obxectivo, en alusión ao que cualifica coma un “guiño constante” entre o PSOE e o BNG. O Sr. Crespo Romeo di que se ben a Xunta podería mellorar a tramitación, considera que o que nunca debe pasar, e que está a acontecer en Pontedeume, é que non se soliciten axudas ou se perdan, poñendo como exemplo a axuda para as “Fragas do Eume” das que se ten beneficiado o Concello de Cabanas. Considera como “obcecación” a actitude dos demais grupos ao non recoñecer que se ben houbo unha baixada na cifra, aumentáronse os fondos noutros lados.

D. Bernardo Fernández Piñeiro nega que non se soliciten as axudas e fai referencia á denegación dalgunhas delas, poñendo como exemplo a dos “Cubrecolectores”.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que a axuda á que se ven de facer referencia o Alcalde era para a recuperación do patrimonio cultural, ao que D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta que tivo consultado ao técnico á hora de concretar a actuación.

Ante a petición do Sr. Crespo de que se solicite para o ano, o Sr. Alcalde di que se solicita todos os anos e que, no que respecta á moción, a realidade é que se reciben menos cartos. Conclúe facendo a consideración de que o voto en contra a esta moción implica votar en contra de que se amaíen os camiños.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García quen di que o tema do que se está a falar é o dos camiños rurais, e que as cifras son as que son: de 50 nun ano a 40 en dous anos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro defende o reparto dos fondos conforme a criterios proporcionais, coma é o caso do “Agader”, e non favorecendo así a cor política.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que os fondos veñen por outra vía.

Concluídas as intervencións, sométese a votación o asunto, quedando **ADOPTADO** por **9 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado, e do Grupo Municipal do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, e **4 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

1º. Instar ao Goberno Galego a:

- **Incrementar a dotación do Plan marco de camiños rurais cos concellos.**
- **Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.**

2º. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29/06/2017

Expediente: 2017/G006/000139

*De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **260.2017** de 22 de maio ao **338.2017** de 26 de xuño, ambos os dous incluídos, os seguintes:*



Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2017/G003/000284	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.05.2017	260/2017	22/05/2017
2017/G003/000285	APROBACIÓN DE FACTURAS F/2017/3	261/2017	23/05/2017
2017/G003/000288	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8, XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 4	262/2017	30/05/2017
2017/G003/000293	APROBACIÓN FACTURA SUBMINISTRACIÓN -MELLORA ENERXÉTICA NOS PARQUES PÚBLICOS DE PONTEDEUME- EXPTE. 2016/C002/000005.	263/2017	30/05/2017
2017/G003/000294	DIETAS TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE CINCO TRABALLADORES, PROGRAMA INTEGRACION LABORAL, SUBVENCION DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PIL 2017	264/2017	30/05/2017
2017/G003/000295	DIETAS TRIBUNAL DE SELECCION DE CATRO POSTOS DE AXILIAR DE POLICIA, EXERCIZO 2017	265/2017	30/05/2017
2017/G003/000297	SEGUROS SOCIAIS ABRIL 2017	266/2017	30/05/2017
2017/G003/000301	INCIDENCIA NOMINA MES DE MAIO DE 2017	269/2017	30/05/2017
2017/G003/000302	RESOLUCIÓN NÓMINA MES MAIO 2017.	270/2017	30/05/2017
2017/G003/000299	RESOLUCION ESTIMATORIO DE ALEGACIONES DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO (FERNÁNDEZ ****)	267/2017	30/05/2017
2017/G003/000300	RESOLUCIÓN INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO (ALCARAZ***-RODRÍGUEZ***)	268/2017	30/05/2017
2017/G003/000289	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO, SOLICITUDE DE OFERTAS E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA MELLORA E PAVIMENTACIÓN DOS VIAIS NO NÚCLEO DE VALDEVIÑATOS (PAS 2015)	271/2017	30/05/2017
2017/G003/000282	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 31.05.2017	272/2017	30/05/2017
2017/G003/000279	PADRÓNS AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA, MARZO 2017.	274/2017	30/05/2017
2017/G003/000296	Xustificación subvención Deputación de A Coruña 2.016 para a realización de mellora de eficiencia enerxética en parques públicos municipais	273/2017	30/05/2017
2017/G003/000305	APROBACIÓN BASES DE 5 SOCORRISTAS PERSOAL LABORAL TEMPORAL (MODALIDADE DE OBRA OU SERVIZO) PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE SALVAMENTO, SOCORRISMO NAS PRAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	275/2017	31/05/2017
2017/G003/000303	NOMEAMENTO PERSOAL CUADRILLA OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS, SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL, ANUALIDADE 2017.	277/2017	31/05/2017
2017/G003/000304	NOMEAMENTO AUX. POLICÍA LOCAL TEMPADA VERAN 2017.	276/2017	31/05/2017
2017/G003/000280	SOLICITUDE DE EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE TARXETAS DE ACCESIBILIDADE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	278/2017	31/05/2017
2017/G003/000283	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	279/2017	31/05/2017
2017/G003/000306	APROBACIÓN PAGO A XUSTIFICAR Nº 8/2017	280/2017	01/06/2017
2017/G003/000307	CORRECCIÓN ERROS	281/2017	02/06/2017
2017/G003/000310	APROBACIÓN CALENDARIO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN 2017 E CAMPAMENTO URBAN	282/2017	02/06/2017
2017/G003/000309	EXPEDIENTE DE SOLICITUD SUBVENCIÓN FOMENTO DO EMPREGO 2017. ALBANEIS DE 1ª	283/2017	08/06/2017
2017/G003/000196	CONVOCATORIA DO "XX PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME"	284/2017	09/06/2017
2017/G003/000325	NOMEAMENTO TRIBUNAL SELECCION SOCORRISTAS 2017	285/2017	09/06/2017
2017/G003/000328	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14.06.2017	286/2017	13/06/2017
2017/G003/000072	Xustificación do Programa da Rede Cultural da Deputación da Coruña para o ano 2016	287/2017	13/06/2017
2017/G003/000292	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	288/2017	13/06/2017
2017/G003/000312	LIQUIDACIÓN DE TAXA POR PUBLICACIÓN NO BOP	290/2017	13/06/2017
2017/G003/000315	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA Nº4, FACTURA Nº 16AG 77 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -REPARACIÓN REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VILAR-. CONVENIO Nº 64/2016 DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.	289/2017	13/06/2017
2017/G003/000311	LIQUIDACIÓN DEMARCAÇÃO DE COSTAS E AXENCIA ESTATAL BOE.	291/2017	13/06/2017
2017/G003/000329	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	292/2017	13/06/2017
2017/G003/000330	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	293/2017	13/06/2017
2017/G003/000337	NOMEAMENTO PERSOAL SALVAMENTO E SOCORRISMO 2017	294/2017	14/06/2017
2017/G003/000322	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	296/2017	15/06/2017
2017/G003/000316	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	295/2017	15/06/2017
2017/G003/000317	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	297/2017	15/06/2017
2017/G003/000332	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	298/2017	15/06/2017
2017/G003/000333	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	301/2017	15/06/2017
2017/G003/000334	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	299/2017	15/06/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2017/G003/000335	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	300/2017	15/06/2017
2017/G003/000320	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	303/2017	15/06/2017
2017/G003/000321	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	304/2017	15/06/2017
2017/G003/000331	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	302/2017	15/06/2017
2017/G003/000326	INCOACCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES por INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA REMODELACIÓN DO XARDÍN PÚBLICO NA ALAMEDA DE RAXOI (POS 2013)	305/2017	15/06/2017
2017/G003/000339	CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO, TEMPADA VERAN 2017	306/2017	16/06/2017
2017/G003/000340	APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS VERÁN 2017 DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	307/2017	16/06/2017
2017/G003/000341	APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS NO CAMPAMENTO DE VERÁN 2017 DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	308/2017	16/06/2017
2017/G003/000343	RECTIFICACIÓN DECRETO 307/2017 DE APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS VERÁN 2017 DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	309/2017	16/06/2017
2017/G003/000342	MODELO 111 IRPF, MAIO 2017	311/2017	19/06/2017
2017/G003/000344	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS DE 11.07.2017	310/2017	19/06/2017
2017/G003/000353	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 23.06.2017	312/2017	20/06/2017
2017/G003/000352	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 23.06.2017	313/2017	20/06/2017
2017/G003/000348	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NUM.10, SUBEXPT.E.NUM. 6 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS.	315/2017	20/06/2017
2017/G003/000349	RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA REMODELACIÓN XARDÍN PÚBLICO NA ALAMEDA DE RAXOI (POS 2013)	316/2017	20/06/2017
2017/G003/000350	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NUM.9, SUBEXPT.E.NUM. 5 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS.	314/2017	20/06/2017
2017/G003/000346	ENCOMENDA DE DEFENSA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000305/2015, DEMANDANTE JESÚS EUGENIO GONZÁLEZ LEIRA.	317/2017	20/06/2017
2017/G003/000351	INICIO SANCIONADORES DE TRÁFICO (ALMACENES***-VÁZQUEZ***)	318/2017	20/06/2017
2017/G003/000324	BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA TEMPORAL NA ÁREA ECONÓMICO-FINANCIERA: ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL	319/2017	21/06/2017
2017/G003/000354	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	322/2017	21/06/2017
2017/G003/000355	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	323/2017	21/06/2017
2017/G003/000357	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	324/2017	21/06/2017
2017/G003/000358	EXPT.E. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 11 SUBEXPT.E. DE XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 7.	320/2017	21/06/2017
2017/G003/000359	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 12 SUBEXPT.E. NÚMERO 8 DE XERACIÓN DE CRÉDITOS.	321/2017	21/06/2017
2017/G003/000319	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE ELABORACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME (Expte. 2017/C002/000006)	325/2017	21/06/2017
2017/G003/000336	Solicitud para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga. 2017	326/2017	22/06/2017
2017/G003/000364	RECTIFICACIÓN DECRETO Nº 326/2017 DE 22/06/2017 SOLICITUDE DE RISGA	327/2017	22/06/2017
2017/G003/000362	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3, 4, 5, 6, 7 E 8 DA OBRA: REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPT.E Nº 2016/C003/000001.	330/2017	23/06/2017
2017/G003/000365	APROBACIÓN DE FACTURAS F/2017/5	329/2017	23/06/2017
2017/G003/000366	APROBACIÓN EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO F/2017/7	328/2017	23/06/2017
2017/G003/000356	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 13, 14, 15, 16 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -REMODELACIÓN XARDÍN PÚBLICO NA ALAMEDA DE RAXOI-. POS/2013.	332/2017	23/06/2017
2017/G003/000360	CELEBRACIÓN DA FESTIVIDADE DO SAN XOÁN (23.06) E DO SAN PEDRO (29.06). FOGUEIRAS.	331/2017	23/06/2017
2017/G003/000308	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS 2016) Expte. 2017/C002/000003	335/2017	26/06/2017
2017/G003/000345	AUTORIZACIÓN PERMUTA POLICÍAS LOCAIS	334/2017	26/06/2017
2017/G003/000361	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN VER (PMA 2016) Expte. 2017/C003/000003	336/2017	26/06/2017
2017/G003/000368	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	333/2017	26/06/2017
2017/G003/000290	Inadmisión recurso de reposición e alegación GONZÁLEZ ABELLA	337/2017	26/06/2017
2017/G003/000338	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	338/2017	26/06/2017



Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do **PP**, plantexa os seguintes **ROGOS**:

- 1. Goma en los registros de las rejillas en la C/del Empedrado, ya recordado en algún pleno más.**
- 2. Solicitamos ponga un pasamanos en la subida de la C/de la Iglesia a la altura de la casa nº9.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se está á espera da autorización de Patrimonio.

Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela apunta ao afundimento dunha reixiña na mesma rúa.

- 3. Retirar un bidón verde grande que pusieron en la Plaza de la Calzada.**

D. José Simoes Couceiro apunta a que se ten retirado, polo que hai alguén que o sube.

- 4. Retirar vertidos en varios puntos de la parroquia de Ombre.**
- 5. Solicitamos repetidamente en los plenos la reparación del túnel camino público de la autopista de Villar y la del alumbrado, también se suma el camino del Castro en Noguerosa, Camiño Vello en Campolongo, polígono de Vidrieiro entrada y otros.**
- 6. Rogamos reparen los espejos en los cruces de caminos públicos en vez de colocarlos en salidas de espacios privados.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro pregunta a cales se refiren.

D. Francisco Javier Crespo contesta que revise os que colocou.

- 7. Rogamos agilicen las licencias en Urbanismo, el caos que se nos traslada y el plazo de otorgar licencias se ha aumentado de forma negativa a pesar de la aprobación del PXOM.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro nega que o prazo aumentara.

- 8. Solicitamos revisen los parques infantiles municipales, muchos juegos están en un estado de grave peligro para los usuarios, actualizados a la normativa por una inversión de la Diputación.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que o que estaba roto reparouse e que non teñen constancia doutros; que a actuación en “Lombardero” foi aprobada pola Deputación esta semana (plan complementario POS)

De seguido prodúcese un cruce de intervencións ao respecto do estado deste tipo de instalacións e dos emprazamentos.

- 9. Solicitamos reparen la pista Sarmiento que presenta estado de abandono, hundimiento...**

D. Bernardo Fenández Piñeiro indica que xa se pediron orzamentos.

D. Francisco Javier Crespo Romeo pregunta pola sinalización.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta a que o estado da pista é o de hai anos, indicando D. Francisco Javier Crespo Romeo que se ten amañado con fondos da Deputación Provincial, e pide que se mire a certificación da obra.

10. Soliciamos reparen el agua de la fuente del Pilón, llos vecinos no entienden sus razones que da en el peno.

11. Haga los ruegos anteriores plenos.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1ª.- Una vez terminado el plazo, ¿tienen ustedes constancia de las incidencias presentadas por los vecinos ante la empresa que informó sobre la regularización catastral?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se atenderon 312 incidencias e que se tramitaron 20, as que consideraron as persoas interesadas. Tramitaronse dende Concello grazas a adhesión do Concello ás oficinas 060.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se non houbo queixas polas distintas solucións/informacións que se deron en Ponte deume e Coruña.

O Sr. Fernández Piñeiro apunta a que a problemática xurdeu na Coruña, xa que dende a Xunta non lles remitiran o PXOM.

2ª.- ¿Cuánto dinero ha pagado este Concello a la prensa desde que comenzó su mandato además de las suscripciones habituales?

O Sr. Fernández Piñeiro di que, posto que no 2015 houbo un cambio no goberno, da os datos de 2016, cuxo importe foi de 6080 euros, fronte aos 7103 de 2014, do goberno anterior.

3ª.- ¿Qué aporta el Concello en la “fiesta interparroquial” que se celebrará en Centroña?

Contestase que se aporta o que se recolle no orzamento, que son 6000 euros, así como a instalación da carpa e o transporte da veciñanza; ademais, asúmese a actuación musical e parte do menú.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pregunta polas datas.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se barallan dúas datas (en agosto e outra en setembro) e que se dirá cando se teña confirmación.

4ª.- Cuántos usuarios utilizaron el transporte de autobús puesto por el concello apra la celebración del “Castelo Folk 2017”? ¿A cuánto ascendió el gasto de estos autobuses? ¿Puso el Concello la carpa o asumió algún gasto en la celebración del “Castelo Folk 2017”?

Dña. Yolanda Vázquez Busto indica que o autobús supuxo un custo de 180 euros con tres saídas dende o centro e regreso a Ponte deume. O nº de usuarios foi baixo, indo baleiro nunha das viaxes. Outro gasto que asumiu o Concello foi a dos valados, se ben este gasto foi “compartido” coa fashion.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se se analizou por que non foi ninguén no Bus.

Dña. Yolanda Vázquez Busto apunta á difusión do servizo, xa que se anunciou coa andaina.



5ª.- ¿En qué punto está el tema de la nueva construcción o reforma de la nueva Guardería Infantil?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que había discrepancias co consorcio e que recentemente se fixo unha proposta que foi trasladada e que no día de onte chegou a aceptación.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta pola denuncia.

O Sr. Alcalde indica que o asunto está no “Contencioso”, se ben non afectaría á obra xa que de ser o caso, sería cuestión de indemnizar á denunciante por “vistas” e non por “luces”.

D. Francisco Javier Crespo Romeo apunta a existencia de crispación, que D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se percibe.

Sobre unha pregunta de Dna. Ana Veira ao respecto da problemática xurdida coa denuncia, aclárase que o proxecto non cambia, que se trata dun tema xurídico.

[abandona a Sesión D. José Simoes Couceiro sendo as 13h26min.]

6ª.- Nos llega quejas de informes técnicos que contradicen el PXOM publicado en la WEB ¿a que es debido esta descoordinación que genera malestar en los vecinos?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se tratou dun erro derivado do documento do PXOM utilizado para a elaboración do informe técnico xa que non se tivo en conta o anexo coas correccións da Xunta. Indica que á páxina web subiuse o documento sen o anexo. Anuncia que se vai enviar un refundido.

7ª.- ¿Tienen ya puesta la información sobre el estado de las aguas de baño en los tableros informativos de cada una de nuestras playas?

O Sr. Alcalde indica que están en todas, salvo en Andaío, por un acto vandálico.

8ª.- La obra de renovación de tuberías desde Pontedeume a O Portiño está parada, ¿a qué se debe este parón?

Dende a Presidencia indícase que a día de hoxe non está parada, que levan dous días traballando. Di que xa se explicou o motivo de que non se estivera a traballar na obra, que era que o proxecto non recollía as acometidas, que por outra banda, os veciños e veciñas xa tiñan pagadas, polo que cambiouse parte, asumindo o custo o Concello.

Dna. Ascensión pregunta por un problema cun talud.

D. Benrardo Fernández Piñeiro di que non era desta obra.

9ª.- Los reparos siguen apareciendo en los Decretos; entre las causas: falta de procedimiento, saltarse bases de ejecución del presupuesto, sobrepasar la cantidade de los contratos menores; toda una lección de mala gestión. ¿Cuántos reparos lleva desde el comienzo de su legislatura?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que, tal e como se recolle na conta xeral, no 2016, constan 19 reparos, fronte aos 99 do ano 2014 no que gobernaba o PP.

Faise referencia aos reparos derivados da non existencia de Tesoureiro.

10ª.- ¿Nos podrían informar sobre la programación de la agenda cultural del verano 2017?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo da conta das distintas actividades programadas, entre outras: feirón medieval, campamento de Charamela,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

actuación grupo de metais, unforgettable, batucadas, festival de habaneiras, festival internacional de folclore, festival de maxia, festival de homenaxe a Tito Ríos...

11ª.- Preguntamos en varios plenos sobre las actividades programadas para relanzar el Feirón, se nos contestó que se harían en verano proque no tendrían sentido en invierno por las condiciones climatológicas. Estamos ya acabando junio y el tiempo es inmejorable, sin embargo no se ha hecho ningún tipo de actividad para intentar relanzar un Feirón casi difunto. ¿Tienen pensado algo para los meses de verano que quedan?

A Sra. Vázquez Busto indica que se teñen programadas 4 visitas guiadas seguindo co proxecto piloto de Semana Santa, degustacións na Praza do Conde...

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o resto de actividades que se programan tamén atraen xente a Ponte deume.

12ª.- Nos gustaría saber cuántas visitas y qué recaudación tuvo el Torreón hasta la fecha.

Indícase que houbo, a 15 de xuño, 4282 visitas, cunha recaudación de 2472 euros.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se prevé máis que o ano pasado, que foron un total de 7000 visitas.

Concluídas a quenda do PP, a portavoz do **BNG-AA**, plantexa os seguintes **ROGOS**:

1.-PASO DE PEÓNS NA ALAMEDA.

Por fin, os eumeses/as podemos disfrutar da alameda. Sendo este un lugar de lecer e cremos necesario que se dote de pasos de peóns. Sería preciso que se facilitase, en especial, o paso cara á igrexa da Virtudes.

ROGAMOS a pronta adecuación destes pasos no Paseo de Raxoi.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que para a semana que ven.

2.- RÚA/CAMIÑO ESTREIRO.

No cruce do R/ Camiño Estreito coa Avda/ da Coruña no lado dereito hai unha beirarrúa que ten o paso dificultado por un poste. Isto obriga a os peóns a saír dela co conseguinte perigo xa que os vehículos que veñen da Avda/ da Coruña xiran sen visibilidade.

PREGAMOS que se libere esta beirarrúa.

3.- SAÍDAS DO XARDÍN.

Nas saídas do xardín hai uns pasos de peón mais os vehículos poden aparcar moi preto destes o que fai que haxa pouca visibilidade cara sobre todo aos nenos/as que utilizan estes pasos.

Na Rúa/ Galera coa Avda/ de Lombardero non hai continuidade de beirarrúa e as crianzas vense obrigadas a invadir o espazo dos coches.

SOLICITAMOS que se adecúen estas zonas de xeito que deixen de ser perigosas cunha axeitada ordenación de aparcadoiros.

4.- PINTADO DE PASO DE PEÓNS NOS CENTROS EDUCATIVOS.

O paso 28 de xuño conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGTB.



Consideramos que é fundamental a concienciación de toda a sociedade e en especial da xente nova.

O respecto pola diversidade sexual é de vital importancia na formación da cidadanía polo que como actuación que visibilice este respecto.

PREGAMOS que os pasos de peóns das inmediacións dos centros educativos do concello sexan pintados coas cores que identifican este movemento.

5.-ADECUACIÓN DAS INMEDIACIÓNS DO CASTELO.

Sendo o Castelo un lugar importante de visita turística da nosa localidade e tendo en conta que a el deberían poder acceder autobuses.

ROGAMOS adecuación para que o transporte colectivo poda achegarse a este monumento coa debida seguridade, acondicionando algún lugar para estacionar e facer as maniobras precisas.

E as seguintes **PREGUNTAS:**

1.-NORMATIVA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE O USO DO GALEGO.

É recente a disposición que a Deputación de A Coruña aprobou por unanimidade no que atinxe ás normas do uso da Lingua Galega en aquelas actuacións nas que estea implicada.

Estas normas inciden en concellos, empresas que estean a realizar actuacións con fondos da Deputación...

Que ten pensado facer este goberno municipal para o cumprimento destas normas?

Que directrices se van seguir coas empresas, actos, actividades deportivas e culturais, publicidade...?

Vanse recoller nos pregos de contratación?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se intentarán cumprir na medida do posible.

Dna. Ana Veira pide que se faga un seguemento dos escritos que saen dos distintos departamentos municipais.

2.- INFORMACIÓN TURÍSTICA.

Iniciase a tempada de verán durante a cal as visitas de turistas na vila incrementanse de xeito considerable.

Os puntos de información turística son deficitarios en información impresa en galego xa que non se imprimiron nesta lingua. (disque por “despiste”)

Teñen pensado reparar esta deficiencia?

Está presupostado facer este investimento?

Dna. Yolanda Vázquez Busto recorda que as últimas guías editadas pola Deputación xa estaban en maquetación ao que Dna. Ana Veira di que fixo a advertencia cando era un borrador.

A Sra. Vázquez Busto di que a seguinte, sobre o Castelo, xa se editou nos tres idiomas; que agora se está a facer o cambio de paneis interpretativos, que van en galego. Indica que se introducirá o galego nas guías en tanto se poda.

Yolanda: respecto a guías turísticas: deputación, xa xestionadas, xa estaba o traballo de maquetación. A ella pareceulle correcto, puntos de acceso a trasatlanticos. Ana Veira. Cando houbo o borrador da guía, fixo o “reparo”.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta polo número de guías que quedan, indicando Dna. Yolanda Vázquez que 1/3 de 15 mil.

[abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 13h52min]

3.- GARDERÍA MUNICIPAL.

Pasaron os meses e non se albisca ningunha actuación.

En que situación está esta promesa electoral?

Dase por contestada na quenda de preguntas do Grupo Municipal do PP.

4.- CUBERTA DO CEIP “COUCEIRO FREIJOMIL”.

Logo de acometer obras de emerxencia.

Cal é a situación actual da cuberta, ou das intervencións que fosen precisas?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non é competencia municipal e que instaron a que se repare no menor tempo posible. Di que sospeita que o atraso da intervención ven derivado da compañía aseguradora.

5.- 25 DE XULLO DÍA DA PATRIA.

Son moitos os concellos que organizan actividades de conmemoración, editan bandos, instan á colocación de bandeiras... para este día especial.

Teñen planificada algunha actuación?

O Sr. Alcalde di que sempre se pendura a bandeira no Torreón e que se redactará un bando.

6.- REACTIVACIÓN DO FEIRÓN SEMANAL.

A promesa electoral feita, entrevistas en xornais, publicidade variada de intencións mais nós seguimos a ver esmorecer este outrora reclamo turístico.

Actuacións programadas para dar pulo ao feirón?

Cal é a situación de pagamento dos vendedores/as?

Hai unha listaxe de tipos de postos e de nº de peticións?

Existe unha proposta para unha nova colocación?

Houbo algún tipo de reunión cos vendedores/as?

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que vai haber degustacións e visitas guiadas; que se van executar os cobros de 2016 e que hai unha listaxe do número de postos e de peticións de instalación; hai unha proposta para un novo plantexamento, que non ve viable ata 2018 e que antes de poñela en práctica, consultarase con outros concellos. Di que houbo unha última reunión cos/as vendedores/as a principios de ano, cando estaban solicitando información sobre regularización da situación.

Dna. Ana Veira García pregunta pola realización dunha actividade monográfica.



Dña. Yolanda Vázquez Busto di que houbo unha reunión cunha empresa para a presentación dunha proposta, pero que non está pechada. Di que se está a falar con distintos colectivos e opcións.

7.- O 17 DE AGOSTO DÍA DE GALICIA MÁRTIR.

Aprobada a Moción relativa á recuperación da memoria histórica e de condena da ditadura franquista no mes de xullo de 2016.

Pasado xa case un ano e logo de non cumprila para o ano 2016 como era o acordo.

Teñen pensado facer algunha actuación para este ano 2017?

Nesta data especial do 17 de agosto organizarase algún tipo de homenaxe?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se dixo o que se ía facer: colocar unha placa no muro da Rúa Porto.

Dña. Ana Veira pide que se organice algún acto para o día 17 de agosto.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pregunta pola existencia de informes de historiadores para a edición da placa, ao que o Sr. Alcalde responde con que hai información bibliográfica suficiente.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e tres minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.